



RESPONSABLE DO TRATAMENTO

Concello de Ponteareas

BASE XURÍDICA

Artigo 6. 1. a) RXP. O interesado deu o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais para un ou varios fins específicos.

Artigo 6. 1. c) RXP. O tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento:

Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia. Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Artigo 6. 1. e) RXP. O tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.

Artigo 9. 2. h) RXP. O tratamento é necesario para fins de medicina preventiva ou laboral, avaliación da capacidade laboral do traballador, diagnóstico médico, prestación de asistencia ou tratamento de tipo sanitario ou social, ou xestión dos sistemas e servizos de asistencia sanitaria e social.

FINS DO TRATAMENTO

Ofrecer un conxunto de atencións a persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual. Os obxectivos cos que se traballan son os seguintes: a mellora da calidade de vida das persoas usuarias, posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual, favorecer e ponteciar a autonomía persoal no propio domicilio, manter e recuperar as redes de relación familiar e social, previr situacións de dependencia ou exclusión social, retardar ou evitar a institucionalización, reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

COLECTIVO

Usuarios e representantes legais.

CATEGORÍAS DE DATOS

Datos de categoría especial: Saúde (grao de discapacidade).

Carácter identificativo: Nome e apelidos, NIF, número da seguridade social, tarxeta sanitaria, enderezo (postal ou electrónico), teléfono (fixo ou móbil), firma, sinatura electrónica.

Características persoais: Datos do estado civil, idade, datos de familia, sexo, data de nacemento, nacionalidade, lugar de nacemento.

Circunstancias sociais: Características de aloxamento, vivenda, situación militar, propiedades, posesións, licenzas, permisos, autorizacións.

Datos económicos-financeiros e de seguros: Ingresos, rendas, investimentos, bens patrimoniais, créditos, préstamos, avais, datos bancarios, plans de pensións, xubilación, datos económicos de nómina, datos deducións impositivas/impostas, seguros, hipotecas, subsidios, beneficios, historial de créditos, tarxetas de crédito.

CATEGORÍAS DE DESTINATARIOS

Non se prevén

TRANSFERENCIAS INTERNACIONAIS

Non están previstas transferencias internacionais.

PRAZO SUPRESIÓN

Conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos.

MEDIDAS DE SEGURIDADE

As medidas de seguridade implantadas correspóndense coas previstas no Esquema Nacional de Seguridade.